

SECCIÓN DE MINAS

Xefatura Territorial da Consellería

de Economía, Emprego e Industria

Rua Vicente Ferrer 2, 15071 A Coruña

con DNI _____, e enderezo a efectos de notificacións en _____

á vista da RESOLUCIÓN do 18 de agosto de 2017, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se somete a información pública a actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael número 2946, sita nos concellos de Touro e O Pino (A Coruña), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L., considera que reúne as condicións para ser considerada PARTE INTERESADA no referido procedemento, polo que comparece e como mellor proceda en dereito presenta as seguintes

ALEGACIONES

1. Falta de claridade nas responsabilidades empresariais sobre o proxecto

Da lectura dos proxectos non é posíbel formar unha imaxe clara das empresas responsábeis e participantes no proxecto mineiro. Na documentación indícase, por unha parte que: “*A principios del año 2012 Explotaciones Gallegas y Minas Metálicas del Noroeste llegaron a un acuerdo para unificar los derechos mineros contiguos que poseían en la zona; creando una nueva empresa denominada Explotaciones Gallegas de Cobre S.L.*” (...) “*En la actualidad Explotaciones Gallegas del Cobre S.L. es el propietario de los derechos mineros.*” (Proxecto Explotación, p. 1 e p. 19). Explotaciones Gallegas de Cobre S.L. é unha empresa cun capital social de apenas **3.010 euros**, cuxas últimas contas foron depositadas en 2013. Non entanto, segundo os datos do Censo Catastral Mineiro de Galicia, a concesión AC/C/02946 SAN RAFAEL non sería da titularidade de Explotaciones Gallegas de Cobre S.L. (como indica o proxecto de explotación de Marzo de 2017), se non que de Explotaciones Gallegas S.L., empresas distinta, aínda que de nome similar. Pola súa parte, Minas Metálicas del Noroeste S.L. (cun capital social de 15.050 euros) non consta como titular de ningunha concesión de explotación (pero si de algún dos permisos de investigación contiguos). Tanto esta empresa como Explotaciones Gallegas de Cobre S.L. teñen en común os administradores Joaquín Eulalio Ruiz Mora e José Manuel Corbal Debén, anterioremente responsábeis da empresa en liquidación Incremento Grupo Inversor S.L., que tentou explotar de xeito fracasado as minas de San Finx (Lousame) e Varilongo (Santa Comba), despois de que se lle adxudicasen case dous millóns de euros en subsidios públicos. A Xunta de Galicia, e en particular a administración de minas e hidráulica, é consciente dos problemas ambientais e legais asociados á actuación destas empresas noutras minas, polo que o seu papel neste proxecto debe clarificarse.

Mesmo así, no mesmo Proxecto de Explotación de marzo de 2017 indícase, separadamente, que: “*El promotor de la actualización del proyecto de explotación de la mina de Touro (A Coruña) es Cobre San Rafael S.L, con CIF B-70491121, domiciliada en Touro.*” Por súa vez,

“Cobre San Rafael representa a la empresa Francisco Gómez y Cía. S.L. que es una empresa de continuidad familiar que trabaja con medios propios y ejecuta todo tipo de obras.” Se no proxecto de explotación se diferenciaba a titularidade dos dereitos mineiros da promoción do proxecto, que recaerían en sociedades distintas, no Estudo de Impacto Ambiental redactado igualmente en marzo de 2017, e que acompaña o anterior proxecto de explotación, indícase que *“La sociedad Explotaciones Gallegas del Cobre S.L. es el propietario de los derechos mineros hasta marzo 2017. Con fecha marzo de 2017 se efectúa la transmisión de derechos mineros de Explotaciones Gallegas a Cobre San Rafael S.L, pasando ésta a ser el promotor de la actualización del proyecto vigente”*. Non é comprensíbel como en documentos datados no mesmo mes e presentados para un mesmo procedemento se poden afirmar extremos opostos nalgo tan básico como a titularidade (e por tanto responsabilidade) sobre o proxecto.


Non queda claro no proxecto cal é a relación entre Cobre San Rafael S.L. e Explotaciones Gallegas de Cobre SL, presentada en parte da documentación como propietaria dos dereitos mineiros en cuestión. Tampouco se inclúe entre a documentación a Resolución pola que se aproba a transmisión dos dereitos mineiros, e os condicionantes impostos á que se supón nova concesionaria. As referidas empresas apenas parecen ter en común á administradora Eva Gómez Portela, que tamén o é do Centro de Valorización Ambiental del Norte SL, responsábel por diversas actuacións realizadas na última década na zona degradada pola mina de Touro. Esta última empresa é participada tamén por Felipe Macías Vázquez (administrador mancomunado), que asina o documento “Medidas Experimentais de Medio Natural” que acompaña o Estudo de Impacto Ambiental do proxecto mineiro, aínda que o asina na súa condición de Catedrático da Universidade de Santiago, a pesar dos indicios de conflito de intereses. Tampouco se explica o papel de Atalaya Mining ou os vínculos con Río Narcea Nickel e as restantes titulares doutros dereitos mineiros contiguos que se refiren. En febreiro de 2017, Atalaya Mining anunciaba *“that it has exercised an option to acquire 10% of the share capital of Cobre San Rafael S.L., (“CSR”), a wholly owned subsidiary of Explotaciones Gallegas S.L. (“EG”), part of the F. GOMEZ Group. This is part of an earn-in agreement (the “Agreement”), which will enable the Company to acquire up to 80% of CSR.”* Isto é, existe a previsión de que sexa Atalaya Mining, e non a referida *“empresa de continuidad familiar”* a que acabe asumindo a práctica totalidade do proxecto.

Considérase que un proxecto destas características debe deixar meridianamente claras as responsabilidades empresariais sobre o proxecto, garantías ambientais e responsabilidades que puideran derivarse de accidentes ou desastres antes ou despois dunha eventual operación. O entramado de empresas que se citan da documentación, sendo unhas titulares dos dereitos mineiros (supostamente e en contradicción co propio Censo Catastral Mineiro), mentres que outras promoverían a actualización do proxecto de explotación, e outras aínda sen un papel específico, levantan dúbidas sobre a asunción de responsabilidades, especialmente tendo en conta os antecedentes e vinculacións de algunhas das empresas. Que relación gardan Minas Metálicas del Noroeste SL e Explotaciones Gallegas de Cobre SL co proxecto? Se estas dúas empresas non son titulares de ningunha concesión de explotación, cal é o seu papel? Que relación gardan con este proxecto os permisos de investigación colindantes ou próximos que manteñen estas dúas empresas, en particular os AC/C/7115, 7116, 7119, 7144, así como os 7167, 7168 e 7169 de Río Narcea Nickel, empresa igualmente vinculada aos anteriores promotores? Cales son as implicacións do *“acuerdo para unificar los derechos*

mineros contiguos que poseían en la zona” ao que se refire a documentación do proxecto de Touro? Representa isto unha tentativa de fragmentación de proxectos, téndose como horizonte unha explotación masiva en toda a comarca?

2. Fragmentación de proxectos e previsións de expansión non explicitadas no proxecto

Se ben o carácter colosal do proxecto proposto, con 10 cortas afectando a máis de 600 hectáreas de terreos de protección agrícola e forestal, é evidente, tamén o é a tentativa dos promotores de fragmentar unha operación de dimensións aínda maiores, “limitando” a esta extensión e a unha duración de 14 anos o conxunto da operación, coa intención de “vender” a posibilidade de actuar sobre unha zona en parte xa degradada pola actividade mineira anterior das concesionarias, e que non foi restaurada, con graves implicacións ambientais, pola desidia de concesionarias e administracións. Se ben a documentación non desenvolve cal é a importancia dos *“derechos mineros contiguos”*, un dos planos incorporados ao Estudo Socioeconómico (talvez por descoido) deixa en evidencia as perspectivas de expansión. O citado plano, ademais das cortas actualmente previstas, inclúe outra no Monte San Sebastián así como unha masiva escombreira que cubriría os lugares de Torreis de Arriba, Torreis de Abaixo e As Goritas, mentres que un depósito aínda maior cubriría Arinteiro.



“Figura 1. Localización de las concesiones” incluída no Estudo socioeconómico. Nótese os ocros mineiros e outras instalacións previstas, fóra da zona de afectación do actual proxecto presentado.

A poboación afectada e entidades temos dereito de coñecer en detalle cales son as previsións ou intencións reais da empresa para continuar a explotación de cobre máis alá do exposto no presente proxecto que, lémbrese, é de “**actualización** do proxecto de explotación”. Haberá unha nova “actualización” despois dos 14 anos previstos neste proxecto? A quen lle tocará despois? O propio mapa xeolóxico que se inclúe como figura 15 do Proxecto de Explotación inclúe o sector “Fuente Rosas”, coincidente coa corta prevista no plano do Estudo Socioeconómico, entre os niveis mineralizados, aínda que o plano da Universidade de Oviedo se mostra cortado e incompleto. Non obstante, este sector omítese na sección 5.2.2.


A estratexia de división das comunidades afectadas parte da base da ocultación das dimensións reais das perspectivas de ampliación a medio e longo prazo do chamado “*Touro Copper Project*”. Se hoxe será Arinteiro a “zona cero”, mañá serano outros lugares. De onde foi extraída a “Figura 1. Localización de las concesiones” incluída no Estudo socioeconómico? Porque non foi feito público ese documento? Coñéceo a administración? Porque a administración de minas, a mesma que obxenta a condición de órgano substantivo neste procedemento, se obceca en non permitir ás entidades ambientais o acceso á información pública relativa a eses “*derechos mineros contiguos*”? Porque o Censo Catastral Mineiro non se actualiza no contexto dos dereitos mineiros que afectan a zona do proxecto de Touro?

A falta de transparencia en relación aos “*derechos mineros contiguos*”. O 7 de febreiro de 2017 a Asociación Verdegaiá requeriu á Sección de Minas da Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria da Coruña "Copia en formato dixital dos expedientes AC/C/07167, AC/C/07115, AC/C/07119, e AC/C/07116 ", presumiblemente os dereitos contiguos aos que fai referencia o proxecto de explotación San Rafael e parte dos que o Estudo socioeconómico inclúe na súa reveladora Figura 1. O 4 de maio de 2017 o Xefe da Sección de Minas da Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria da Coruña o 4 de maio de 2017, remitiu escrito no que se denega o acceso á información solicitada, "**xa que os expedientes contén información ambiental e de outros ámbitos**" e que "deberán solicitar a parte dos expedientes á que solicitan o acceso". Esta denegación representa unha falta de cumprimento das obrigas internacionais da Convención de Aarhus, traspostas na *Ley 27/2006, de 18 de julio, por la que se regulan los derechos de acceso a la información, de participación pública y de acceso a la justicia en materia de medio ambiente (incorpora las Directivas 2003/4/CE y 2003/35/CE)*, alén do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Lémbrese neste sentido que o Comité das Nacións Unidas para o Cumprimento da Convención de Aarhus - *Aarhus Convention Compliance Committee* (ACCC) ten determinado repetidamente que “*licences and other mining-related information requested, including the ‘quantities of non-ferrous ore’ that were entitled to be extracted under those licences, are clearly ‘environmental information’*” (ACCC/C/2012/69). A mesma decisión establecía que a autoridade pública debería ter proporcionado “*copies of the actual documentation, with any information exempted from disclosure redacted.... The Party concerned has provided no evidence to justify the failure to disclose the remainder of the licenses, including copies of the actual licenses themselves and annexes. Moreover, the analysis of what was to be exempted and what disclosed should have been on a document-by-document basis.*” Este presunto incumprimento foi denunciado ante a Comisión da Transparencia de Galicia (expediente RSCTG 44/2017), que o día 28 de setembro de 2017 abriu trámite de audiencia a Explotaciones Gallegas de Cobre SL,

Minas Metálicas del Noroeste SL e Río Narcea Nickel SA. Non obstante, e pesar de que a solicitude inicial de información se cursou o 7 de febreiro de 2017, é evidente que a autoridade mineira xa impediu efectivamente o acceso a esta información para a súa análise e utilización no contexto do procedemento do proxecto de explotación “San Rafael”.

En síntese, a autoridade mineira, e en particular a Sección de Minas da Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria da Coruña, órgano substantivo na tramitación deste procedemento relativo á concesión San Rafael, ven impedindo que as entidades ambientais e outros colectivos accedan a documentación crucial para determinar os impactos ambientais máis amplas derivadas dos proxectos a longo prazo para a explotación de cobre nos concellos de Touro, O Pino, Boqueixón e Santiago de Compostela, por empresas vinculadas ao presente procedemento, conforme o propio proxecto. Este impedimento foi xa posto en coñecemento da Comisión de Transparencia de Galicia e será elevado ante o Comité das Nacións Unidas para o Cumprimento da Convención de Aarhus, por considerarse que a actuación da autoridade mineira está encamiñada a impedir a comprensión por parte da cidadanía das implicacións máis amplas do conxunto de “*derechos mineros contiguos*” aos que se refire o proxecto sen maior concreción. Na captura do Censo Catastral Mineiro que se acompaña pódese observar o alcance territorial deses dereitos, cuxa situación legal se descoñece en virtude do proceder da propia autoridade mineira en relación ás solicitudes de información cursadas. É notorio que o Estudo Socioeconómico que acompaña o Estudo de Impacto Ambiental do proxecto inclúe non só a concesión de explotación “San Rafael” se non tamén os permisos de investigación citados.



De W a E: AC/C/7116 “Fornás” (Minas Metálicas del Noroeste SL) AC/C/7168 “Boqueixón” (Río Narcela Nickel SA); AC/C/7144 “Gamás” (Explotaciones Gallegas de Cobre SL); AC/C/7115 “Fuente Rosas” (Minas Metálicas del Noroeste SL); AC/C/7119 “Fuente Rosas Oeste” (Explotaciones Gallegas de Cobre SL); AC/C/2946 “San Rafael” (Explotaciones Gallegas SL); AC/C/7167 “Touro” (Río Narcea Nickel SA).

En síntese, atendendo ás dúas primeiras alegacións, tórnase necesario para a adecuada consideración do proxecto: **1)** deslindar claramente as responsabilidades sobre o proxecto proposto á vista das diverxencias e incongruencias entre as obrigas das distintas empresas relacionadas na documentación; **2)** demostrar a solvencia e capacidade técnica das empresas involucradas no proxecto; **3)** aclarar o alcance dos acordos entre estas empresas en relación aos dereitos mineiros contiguos que se mencionan, e o modo en que, á vista destes, o presente proxecto pode supor un fraccionamento dunha operación mineira a escala aínda maior; **4)** para posibilitar o anterior, débese garantir o acceso á información pública referentes aos citados dereitos mineiros contiguos, á que o órgano substantivo que instrúe o presente procedemento ven denegando acceso; **5)** débense deslindar os posibles conflitos de intereses entre os responsábeis técnicos de documentación presentada como parte do Estudo de Impacto Ambiental e outros elementos do presente procedemento coas empresas vinculadas á promoción do mesmo, e no caso de resultaren provados, débese retirar eses documentos ou substituí-los por outros realizados por técnicos non incurso en conflitos de intereses.

3. Infravaloración do problema das drenaxes ácidas de mina

As drenaxes ácidas de mina, en inglés "*Acid Mine Drainage*" (AMD), son un fenómeno contaminante definido polos efluentes ácidos (de baixo pH) e considerábeis concentracións de metais pesados disoltos que se producen como consecuencia da oxidación de minerais sulfurosos. Para a ocorrencia de drenaxes ácidas de mina deben darse condicións aerobias, coa interacción de auga e osíxeno. Adicionalmente, a acción de determinadas bacterias acidófilas e quimiolitótrofas, organismos catalizadores que poden multiplicar a velocidade das reaccións de oxidación, acelera a produción de drenaxes ácidas de mina. Desde o inicio da explotación de Touro, a actividade extractiva, os procesos de beneficio mineral en superficie e a acumulación de materiais "estériles" xeradores de drenaxes ácidas crearon as condicións idóneas para que se desencadeasen sen ningún control as reaccións xeoquímicas causantes deste fenómeno, con graves implicacións sobre o ambiente das que tanto concesionarias como autoridade mineira se desentenderon nas últimas décadas. A reacción química que goberna a produción de drenaxes ácidas de mina deriva da exposición do subsolo á oxidación por ventilación, responsábel de que a pirita (FeS_2) que está presente nese subsolo produza ións ferrosos (Fe^{2+}) e ácido sulfúrico (H_2SO_4). O carácter ácido deste lixiviado produce novas reaccións coas rochas mineralizadas polas que discorre, provocando a disolución hidrolítica dos metais pesados presentes na rocha. O baixo pH facilita a mobilización deses metais que, deste xeito, se tornan biodisponíbeis afectando ao medio.

A explotación de cobre de San Rafael en Touro ven sendo un dos principais focos produtores de drenaxes ácidas de mina na cunca do Ulla, tanto polas características xeoquímicas do xacemento como polo incumprimento por parte das sucesivas concesionarias e da administración mineira das súas responsabilidades respectivas en materia de restauración do espazo afectado por actividades mineiras. A situación de contaminación elevada no contexto da explotación mineira que agora pretende ampliarse é sobradamente coñecida pola administración e pola propia literatura científica, que con frecuencia a ten presentado como un estudo de caso, que foi obxecto de numerosos estudos, artigos científicos e mesmo teses

de doutoramento.¹ En apenas 14 anos (1974-1988), a anterior fase de explotación provocou alteracións ambientais críticas, con cortas profundas, paredes verticais, grandes escombreciras de materiais xeradores de drenaxes ácidas de mina, unha extensa balsa de lodos, por súa vez causantes de problemas continuos de contaminación de augas e solos, por augas de drenaxe hiperácidas que se verten de forma continua na cunca do Ulla e nos acuíferos subterráneos. Que en todo este tempo, e ante a xeración continua de emisións con altas concentracións de metais pesados, a administración non teña obrigado ás concesionarias a instalar unha planta de tratamento destas emisións, ou teña practicado calquera sanción, deixa en evidencia a súa incapacidade para entender a gravidade do fenómeno. Frente a esta experiencia previa, o proxecto actual supón unha replicación da desfeita practicada entre 1974-1988, se ben máis extensa, con superficies de afectación aínda maiores, e colocando en risco extremo aos núcleos de poboación máis próximos, que nalgún caso están sendo condenados á desaparición. Se ben a permisividade da administración de minas é esperábel, os datos hoxe coñecidos sobre os impactos pasados e actuais en Touro e a lexislación actualmente vigorante fan que a replicación e continuidade desta permisividade e inacción teña consecuencias.

Se ben o proxecto de explotación recoñece a gravidade do problema de xeración de drenaxes ácidas de mina, a diferenza non só do proceder nas fases previas, máis tamén en contraste coa actuación da propia administración de minas, a separación dos estériles entre **NAG** (“potencialmente non xeradores de drenaxe ácido”) e **PAG** (“potencialmente xeradores de drenaxe ácido”), unha caracterización fundamental no manexo previsto para volumes colosais de materiais cun potencial altamente contaminante, é totalmente cuestionábel á vista da propia documentación que manexan os promotores. Enterrado entre os anexos do Plan de Restauración, particularmente na sección “Ensaio de laboratorio” encóntrase un documento redactado exclusivamente en inglés baixo o título: “**Briefing Note: High-Level Acid Rock Drainage Risk Assessment of the Touro Copper Deposits, Spain**”, asinado polo Professor Dr. Bernd Lottermoser. O documento conclúe que a modelización xeolóxica e estudos mineralóxicos realizada a partir das mostras das sondaxes practicadas en touro “**demostran que as rochas encaixantes dos depósitos de cobre de Touro son maioritariamente materiais potencialmente xeradores de procesos acidificantes e poden ser a fonte de cantidades considerábeis de ARD [drenaxes ácidos de rocha]**”. O informe continúa explicando como, en virtude dos procesos arriba citados,

*“Consequently, **oxidation of sulfide minerals in ores and wastes could potentially release significant concentrations of environmentally significant elements (Cd, Co, Cu, Mo, Sb, Se and Zn) into ground and surface waters.** The elements Cd, Co, Mo, Sb, Se and Zn are known to be mobilised into ground and surface waters at acid as well as neutral pH conditions. Thus, not all problematic drainage relates to the mobilisation of metals and metalloids into acid waters (ARD). **Near-neutral but metalliferous drainage can be just as difficult to manage as acidic water.**”*

Recoñécese deste xeito o risco de concentracións significativas de metais pesados como o cadmio, cobalto, cobre, molibdeno, antimonio, selenio e cinc (por tanto, incluíndo substancias

¹ Véxase, entre outros, Pérez Otero, Ágel (1992). Caracterización de los suelos de mina e impactos ambientais de la explotación de sulfuros metálicos de Arinteirol. Universidade de Santiago de Compostela [tese de doutoramento].

perigosas e perigosas prioritarias), que poderían afectar con facilidade as augas subterráneas e superficiais. O estudo do Professor Dr Bernd Lottermoser realizado a pedido da empresa promotora tamén xera dúbidas en relación á clasificación de estériles entre potencialmente xeradores e non xeradores de drenaxes ácidas de mina, unha vez que mesmo as drenaxes non acidificantes poden mobilizar igualmente algúns dos metais presentes nas rochas encaixantes e que non precisan condicións ácidas ou hiperácidas para tornarse biodisponíbeis. Isto é, mesmo asumindo que a clasificación dos millóns de metros cúbicos de estériles entre NAG e PAG fose realizada adecuadamente durante a execución do proxecto, é falso que os estériles NAG non supoñan igualmente un risco en virtude da súa composición xeoquímica. A asignación e distribución de estériles presentada no proxecto é por tanto arbitraria e pode evidenciarse como irrealista, con dous escenarios posíbeis: 1) unha caracterización rigurosa que demostre que a práctica totalidade dos estériles xerados se encontren na categoría PAG fará que o sistema de distribución deses estériles sexa impracticábel de modo garantista en relación á prevención das afectacións ambientais, pois as augas de contacto non poderán ser captadas e tratadas adecuadamente, desvirtuando o conxunto do proxecto; 2) ignorando esta situación, a execución do proxecto tal e como está previsto, garantiría a continuación e aumento da contaminación por substancias perigosas e perigosas prioritarias nas augas superficiais e subterráneas, non só durante o periodo de explotación, se non tamén durante a fase pós-clausura, replicando e aumentando a situación de contaminación actual.

O cadmio, por exemplo, unha das substancias perigosas prioritarias que estará previsiblemente presente tanto nos materiais NAG como PAG, está practicamente solúbel en pH 6, sen precisar condicións hiperácidas. **O propio informe de Lottermoser alerta que as concentracións de medias Cd, Co, Cu, Mo, Sb, Se e Zn son consistentemente elevadas, superando as concentracións do solo en ata tres ordes de magnitude** (*“Samples (that have been submitted for ARD testing) are invariably characterised by elevated average concentrations, with element concentrations exceeding crustal abundances by up to three orders of magnitude.”*) No Estudo Hidroxeolóxico, que presenta datos de analíticas de setembro de 2015 tanto das augas da corta de Arinteiro como das masas de auga superficiais, evidenciase a superación dos límites máximos legalmente permisíbeis polas Normas de Calidade Ambiental para diversas substancias perigosas e perigosas prioritarias. No caso do cadmio, substancia perigosa prioritaria e coñecido axente canceroxénico, nos dous puntos do rego Pucheiras posteriores á zona de contacto coa explotación preséntanse valores de 1,45 (Puch-3) e 0,93 (Puch-11) microgramos/litro, fronte ao valor máximo permitido de 0,08 (NCA-MA) e 0,45 (NCA-CMA) microgramos/litro. O valor augas arriba (Puch-1) é inferior ao límite de cuantificación aplicado (<0,25). **Máis preocupante é o mercurio (tamén substancia perigosa prioritaria), que nos mesmos puntos do rego Pucheiros presenta valores de 112 (Puch-3) e 0,99 (Puch-11) microgramos/litro, fronte ao máximo legal permitido de 0,07 microgramos/Litro.** Novamente, nos puntos non afectados (Puch-1 e Puch-4) os valores están por debaixo do límite de cuantificación (<0,05 microgramos/Litro). **Noutras palabras, os niveis de mercurio presentes no rego dos pucheiros superarían 1600 (mil seiscentas) veces os máximos legais permitidos.** É posíbel que se trate en realidade dun erro de transcripción dos redactores do documento (unha vez que o dato presentado na tabela 28 é inconsistente cos presentados no anexo do mesmo Estudo Hidrolóxico), pero en calquera caso trátase de valores elevados que colocan en risco a saúde pública e ilustran o problema que veñen causando as drenaxes ácidas

de mina ante a absoluta inacción da administración (en particular da de minas) e que se verían aumentados co reinicio e expansión da explotación. Os altos valores de mercurio son igualmente preocupantes na cunca do Brandelos, onde tamén se detectan valores de níquel e cobre (substancias perigosas) por encima dos máximos legais permitidos.

Non obstante, chama a atención que o Estudo Hidrolóxico apenas admita que *“se observa incumplimiento en cuanto a las concentraciones”* máximas legais en algúns dos puntos, omitindo a violación dos límites para substancias perigosas prioritarias como o cadmio (nos dous puntos nos que se exceden) e o mercurio (que só se admite en tres puntos). En efecto, intencionadamente ou por erro, o anexo ao estudo representa de xeito errado os límites das Normas de Calidade Ambiental marcados no *Real Decreto 817/2015, de 11 de septiembre, por el que se establecen los criterios de seguimiento y evaluación del estado de las aguas superficiales y las normas de calidad ambiental*, e que se aplican erroneamente na análise das mostras tomadas. É especialmente sorprendente a explicación dada para a presenza de mercurio: *“En relación con las concentraciones de Hg cabe indicar que la fuente de este elemento es, a tenor de observaciones realizadas en otros lugares de Galicia, de carácter aéreo”*. Para a continuación ligar a afectación da cunca do Pucheiras e Brandelos *“a las prácticas agrícolas de la zona”, “la impronta litológica de las mineralizaciones”* (isto é, un fondo natural de metais) e *“actividades mineras pasadas”* (coma quen o presente procedemento non fose de *“actualización dun proxecto de explotación”*).

Este sesgo dos redactores da documentación do proxecto busca evidentemente desresponsabilizar ás sucesivas concesionarias da situación de contaminación crítica e permanente derivada da produción constante de drenaxes ácidas de mina desde o inicio da explotación nos anos 1970 ata a actualidade, responsabilidade en todo caso compartida por unha administración ciente desta situación. En segundo lugar, o apelo á *“impronta litológica”* é un evidente argumento *“ad futurum”*, que se utilizará previsibelmente para desresponsabilizar á empresa da situación agravada que crearía o colosal proxecto proposto e que, antes as irrisorias propostas de tratamento e xestión, garantirá que as masas de auga superficial afectadas polo proxecto non cumprirían nunca os límites das NCA. A responsábel, atendendo a este argumentario frecuente na industria mineira, será *“la madre naturaleza”*. Frente esta estratexia e os evidentes sesgos que presenta o Estudo Hidrolóxico, a administración hidráulica debería realizar analíticas independentes que representen fielmente a situación actual e determinen tanto as fontes contaminantes como os seus responsábeis, que deben ser sancionados atendendo á lexislación en vigor. A administración mineira non pode encubrir nin permitir a continuación desta situación que pon en risco non só ás poboacións próximas, máis tamén todas aquelas afectadas pola acumulación de metais pesados no sistema fluvial do Ulla afectado pola mina de San Rafael. Neste sentido, concordamos co expresado no Estudo Hidrolóxico, en sentido de que **“es aconsejable desarrollar estudios más extensos (en tiempo y espacio) y sistemáticos (cubriendo no menos de un año hidrológico) a fin de caracterizar con mayor precisión el grado de afección, el impacto de las actividades mineras pasadas así como las estrategias de mitigación/rehabilitación más adecuadas.”** Estes estudos deben realizarse antes de calquera autorización e seren postos en coñecemento das alegantes e do organismo de cunca.

Aínda que o Estudo Hidrolóxico reconece que o punto de partida non é unha situación “prístina”, evita mostrar imaxes que presenten as evidencias visuais da grave contaminación por drenaxes ácidas de mina á que están suxeitos as masas de auga superficial afectadas polo proxecto. A continuación inclúense fotografías de varios punto do rego das Pucheiras correspondentes co mes de outubro de 2017, de modo que a administración teña constancia fehaciente da situación que ven ignorando continuamente desde hai décadas:



Tendo en conta a xa dramática situación de partida, un proxecto cuxa premisa é a maximización dos beneficios, procurando as solucións máis económicas en lugar das que achegarían maiores garantías de prevención das drenaxes ácidas, só aumentaría un problema que xa hoxe é inaceptábel desde o punto de vista das directivas comunitarias, da lexislación

estatal e do propio Plan Hidrográfico Galicia Costa en vigor. Se ben o proxecto de explotación contempla a acumulación de 84,3 millóns de metros cúbicos de estériles potencialmente xeradores de drenaxes ácidas de mina na denominada escombreira "PAG", tamén se utilizarán estes estériles clasificados como PAG para outras finalidades, como os 3,3 millóns de metros cúbicos que se utilizarán para a creación do muro do depósito na Fase 2. Pero é que en realidade, e atendendo ao estudo do Professor Dr Bernd Lottermoser, os estériles clasificados como "NAG" ("potencialmente non xeradores de drenaxes ácidas"), parecen responder máis do que a unha caracterización prevista dos materiais que se espera xerar, a unha previsión das necesidades de uso de certas cantidades de materiais para usos nos que sería inaceptábel contemplar a utilización de materiais potencialmente xeradores de drenaxes ácidas. Noutras palabras: non é convincente a separación artificiosa entre estériles NAG e PAG, que non parece responder á caracterización real dos estériles a xerar, e que deberían ser considerados PAG na súa meirande parte. Do contrario, garantirase unha intensificación da contaminación con metais pesados que xa é evidente á vista das analíticas practicadas.

O propio proxecto de explotación recoñece que *"La condición de peligrosidad deberá analizarse mediante ensayos específicos sobre un número de muestras representativo"*, algo que o proxecto non achega, indicando apenas que *"En base a los resultados preliminares de caracterización geoquímica obtenidos y disponibles hasta la fecha, y de acuerdo a lo establecido en el RD 975/2009 y RD 777/2012 se infiere que los residuos mineros generados en el proyecto se clasificarán como Residuos no inertes."* A utilización indiscriminada de estériles potencialmente xeradores de drenaxes ácidas (aínda que conteplados como NAG na documentación) suporá o aumento exponencial e de xeito difícilmente resolúbel, dados os volumes e extensións en causa, da contaminación por metais pesados en todo o sistema fluvial do Ulla no que a pegada da explotación de San Rafael xa ven supondo un impacto significativo desde o inicio da actividade. Por estes motivos, a formulación do proxecto é inaceptábel.

Se ben o proxecto recoñece que *"Es esperable la ocurrencia de estéril de mina potencialmente generador de ácido (PAG) y con alta capacidad de movilización de metales"* e que tamén é *"esperable que parte de éste presente una velocidad de oxidación alta"* as propostas de "encapsulación" tampouco presentan garantías. A parte máis importante destes materiais irán parar á xigantesca escombreira onde se pretenden acumular máis de 80 millóns de metros cúbicos dos residuos potencialmente máis contaminantes (ocupando 484.000 m² e cunha cota de coroamento de 510 m s.n.m.), e que situou ao norte da zona de afectación, según se explica, por presentar maior capacidade de contención. Nada máis lonxe da realidade, a acumulación neste punto garante a contaminación dos mananciais presentes na zona a ocupar, e que subministran aos núcleos de poboación próximos e á propia traída municipal que subministra a boa parte do concello. A escombreira está a menos de 500 metros dos primeiros núcleos de poboación e a menos de 1 km dos núcleos do Castelo San Saturniño, sen ter en conta a afectación ao subministro de auga destas poboacións. Menos garantías ten aínda a acumulación de millóns de toneladas de materiais nun depósito "temporal" apenas aillado dun terreno literalmente estrado de mananciais que subministran a centos de persoas por unha lámina de plástico fino, que difícilmente pode ter garantías de impermeabilidade no tempo. Non é preciso dicir que estes factores non se contemplan no propio EIA.

Igualmente arriscada é a previsión de acumular grandes cantidades de entullos potencialmente xeradores de drenaxes ácidas nas cortas de Arinteiro e Vieiro. Neste caso o “encapsulamento” pretende conseguirse inundando os entullos con auga, denominando eufemísticamente “**laguna de Arinteiro y Vieiro**” o grande depósito de lodos e augas ácidas de mina que se formará mediante a unión e recheo destas dúas cortas con recheos xeradores de augas ácidas. O propio proxecto deixa entrever as incertezas relativas a esta solución verdadeiramente temeraria: “**Bajo el nivel freático se espera que el material quede saturado y la geomembrana actué como barrera entre el flujo de agua subterránea y los estériles de planta depositados en el interior de las cortas.**” Ou: “**Sobre el nivel freático el material se dispondrá en seco y se prevé que quede encapsulado por la geomembrana y por el sistema construido en superficie para el control de las filtraciones.**” Na verdade, tanto estas “solucións” como as restantes propostas deixan meridiamente claro que o único criterio é o do máximo aforro e mínimo gasto, con nulas ou mínimas garantías de eficacia á hora de reducir o impacto ambiental crítico sobre o medio que produciría o proxecto.

A pesar do uso eufemístico da designación “**laguna de Arinteiro y Vieiro**” o estudo de clasificación de riscos (novamente escondido entre as subcarpetas do Plan de Restauración), non deixa lugar a dúbidas: “***Está instalación es un una estructura de contención de la balsa de lodos, el cual tiene capacidad total de 69 Mt (50 Mm3).***” Cunha altura de coroamento de 55 metros e estando situado a menos de 200 (douscentos!) metros do núcleo de poboación de Arinteiro (42 habitantes) e a menos de 1 km dos núcleos de Tribas (20 habitantes), Goleta (100 habitantes), Bravos (14 habitantes), Cruz de Méndez (23 habitantes) ou Torreis, é comprensíbel que o estudo de risco considere “***que los muros principales de la Balsa de estériles de planta y de Vieiro y Arinteiro se encuentran en la categoría de consecuencia de falla “Muy Alta”.***” En realidade, o risco de falla só non se califica como EXTREMA polo cálculo errado da poboación en risco de MORTE, que no estudo se estima en menos de 100 habitantes, cando en realidade supera os 200. Por tanto, debe establecerse que o risco de consecuencia de falla para esta balsa de lodos debe ser condiderado EXTREMA e PERMANENTE. De feito, a realización do proxecto non só supón un risco extremo e permanente para a vida das persoas residentes nas poboacións próximas, máis non caso de núcleos de poboación como Arinteiro, unha condena sumaria á desaparición do lugar, tornando imposíbel a vida nel, mesmo despois da conclusión do proxecto.

Ao problema do almacenamento, súmase o sistema de tratamento de augas ácidas de mina, que resulta imposíbel considerar coa información achegada, que carece do detalle preciso para avaliar o método proposto. No apartado “17.2.1.1 Descripción del tratamiento de aguas” apenas indica que “***El proceso de tratamiento de agua incluiría varias etapas y básicamente, consiste en precipitar los metales del agua en forma de hidróxidos o sulfatos y los sulfatos del agua, como yeso, mediante la subida del pH y la adición de cationes calcio en forma de cal (hidróxido de calcio), para terminar con un espesado final de los lodos generados, y su bombeo a el depósito de estériles. Para ello, se añadirá cal, con la doble misión de aportar cationes de calcio y neutralizar el ácido presente en el agua, generando un ambiente lo suficientemente básico como para precipitar los metales en forma de hidróxidos.***”

Á falta de planos detallados da planta (apenas se inclúen algúns diagramas), da caracterización dos volumes a tratar, da caracterización das augas resultantes do proceso, e outras

informacións básica é imposíbel a valoración deste sistema, que aparentemente está lonxe tanto nas técnicas propostas como no seu aparente dimensionamento das necesidades dunha explotación colosal como a proposta. Téñase en conta que o proxecto estima que durante os tres primeiros anos da explotación se pretende verter ata mil millóns de litros anuais de augas de proceso, o que deixa en evidencia o carácter meramente estético da proposta de tratamento, que de ningunha forma podería tratar tales volumes coa tecnoloxía e dimensionamento proposto. O propio documento admite que ***“Las plantas contienen equipos sencillos, lo que reduce la necesidad de grandes inventarios de repuestos”***. O método proposto, fundamentalmente de precipitación química, a pesar de resultar atractivo para a empresa pola súa simplicidade e baixo custo, é impracticábel atendendo á escala do volume a tratar o do dimensionamento da planta (que non se detalla). Téñase en conta que o método require a aplicación de grandes cantidades de químicos, longos periodos de residencia necesarios para a precipitación dos metais, unha enorme produción de lodos e a necesidade de tratamento posterior destes, incluíndo a problemática ambiental ligada co almacenamento destes lodos e que no proxecto se realiza á custa de por en perigo a vida e futuro dos núcleos de poboación máis próximos. Nunha explotación destas características cabería esperar algo máis do que un sistema básico de precipitación química, que considerando os volumes e caracterización probábel dos volumes a tratar, apenas parece cumprir unha función estética no procedemento administrativo en curso, dando aparencia de garantías ambientais ao que na práctica se traduciría en garantía contaminante. Chama a atención que o proxecto admita que *“se bombeará el agua situada en la corta de Vieiro para poder comenzar con las labores de extracción”*, sen especificar aonde será bombeada e se será tratada antes de verterse. Á vista dos planos das distintas fases, parece que auga será vertida directamente ao Dominio Público Hidráulico e sen calquera tratamento, a pesar da caracterización que desta se presenta no propio Estudo Hidrolóxico. Total... é o que se leva facendo desde os anos 1970 e non pasa nada. Considérese en calquera caso a responsabilidade das administracións involucradas se isto chega a ser autorizado nos termos actuais.

En síntese, os enormes riscos asociados á extracción de máis de 100 millóns de metros cúbicos de materiais que, expostos ás condicións de meteorización en superficie, producirán de forma constante drenaxes ácidas de mina capaces de contaminar as augas superficiais e subterráneas con metais pesados, incluídas substancias perigosas prioritarias, durante un longo periodo de tempo, mesmo con posterioridade ao peche da eventual explotación, torna temeraria a autorización do proxecto na súa actual formulación. Isto prodúcese ademais non nunha zona aillada e despoboadada, máis nunha área inmediata e contigua a numerosos núcleos de poboación que obteñen o seu subministro de auga potábel da área de afectación e ademais dentro dunha cunca fluvial como a do Ulla, que abastece a millares de persoas e sostén a economía de comarcas enteiras, tornan inasumíbel a autorización deste proxecto, especialmente se se teñen en conta non só os antecedentes das anteriores concesionarias (responsábeis por unha situación ambiental crítica) se non a falta de garantías das solucións propostas tanto para o almacenamento como o tratamento dos residuos mineiros e augas ácidas de mina, tanto durante como despois do peche da explotación.

3. Afectación ás traídas de auga


En toda a documentación do proxecto, e particularmente no Estudo de Impacto Ambiental, brilla pola súa ausencia o que probabelmente sexa un dos principais impactos, que tornará a habitabilidade do contorno especialmente difícil, se non imposíbel: a destrución e contaminación dos manantiais e traídas de auga para consumo humano e para as explotacións gandeiras. Este problema non se presenta en grado de hipótese nestas alegacións, se non como realidade xa consumada a raíz da explotación dos anos 70 e 80, e consecuente abandono e desidia por parte das concesionarias e administracións. A anterior fase de explotación obrigou a que os núcleos de poboación realizaran novas captacións en áreas non afectadas. Omitindo a importancia do val da Reigada, verdadeira esponxa que garante o subministro continuo das diversas traídas veciñais, o proxecto asegura a súa destrución absoluta.

Se ben no visor da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa a única captación para abastecemento humano que consta dentro da zona de afectación é o depósito municipal do Monte Arinteiro (ES014CACH000000245), que dá abasto a varios centos de veciños, a realidade, común a todo o territorio de Galicia, é que existen dúcias de captacións que dan abasto a unha ou varias casas, e mesmo a núcleos de poboación enteiros, e que na súa grande parte non están rexistradas ante Augas de Galicia. Estas traídas existen hoxe non como reliquia do pasado, no que non existía traída municipal, máis porque nin a traída municipal chega a todos os lugares nin sería capaz de dar subministro ás necesidades da poboación e das explotacións agrogandeiras, se se permitise que o proxecto destruíse toda esta rede de traídas veciñais. Lamentablemente, o proxecto pretende consumir esta destrución.

A empresa promotora é perfectamente coñecedora da existencia destas traídas veciñais, e xa recibiu queixas durante a fase de sondaxes cando algúns destes afectaron a traídas (mesmo chegando a secar algunha por completo). A empresa promotora tamén é consciente das dificultades do municipio en garantir o subministro de auga potábel á poboación (véxanse sen ir máis lonxe as restriccións deste ano), e mesmo recoñece que non sabe de onde vai sair a auga potábel que necesita para as súas propias instalacións: *“16.4.6.7 Circuito de Agua Sanitaria (Uso higiénico). **Se están estudiando diferentes alternativas de abastecimiento para que la planta tenga servicio de agua potable traída por la red general de abastecimiento de la zona y no sea necesaria la instalación de una planta potabilizadora autónoma. En la siguiente figura se observan las líneas de abastecimiento (en morado) de agua fresca.**”* Cales son estas “alternativas”? Como poderá a rede municipal dar abasto xa non só ás necesidades do proxecto, se non que aos centos de usuarios que verán como as súas traídas privadas e veciñais son destruídas ou contaminadas a perpetuidade? Cantas xeracións terán que pasar sede para satisfacer a voráxine duns poucos? Cantas explotacións agrogandeiras e outras actividades terás que pechar, xa non só pola destrución física das terras, se non que pola imposibilidade de garantir un subministro de auga potábel e continuo nun momento no que as mudanzas climáticas están alterando drasticamente os equilibrios hídricos?

Se a empresa omite intencionadamente tanto as captacións de auga rexistradas e non rexistradas polo organismo de cunca, a pesar de ter coñecemento pleno destas (como admitiu nas recentes reunións celebradas coa veciñanza, na que se promete respectar de palabra o que pretenden facer que non existe en papel), sorprende que tamén omita a afectación ao

subministro de auga para o núcleo do Pedrouzo (capital municipal do Pino) e lugares próximos, perfectamente descrita no sistema de información xeográfica da Deputación da Coruña. A realización das das cortas dos sectores Arca e Monte das Minas, así como o desvío do cauce do rego das Minas (cód. 1209, afluente do rego do Burgo) poderá supor a anulación desta importante captación de auga. Como é posíbel que nin o Estudo de Impacto Ambiental, nin o Estudo Hidrolóxico nin o Anexo de Actuacións en Cauces considere estes impactos?




Detalle do plano do sistema de abastecemento municipal do Pino. Fonte: WebEIEL, Deputación.

Se ben a promotora podería tentar considerar como problemas localizados os citados depósitos e captacións municipais, a existencia de varias dúcias de captacións e traídas particulares e veciñais nas zonas que serán afectadas polas cortas, escombreyas e depósitos de estériles supón un problema de grandes dimensión, cuxa omisión intencional pon en dúbida tanto a viabilidade do proxecto como as solucións e alternativas escollidas, especialmente en relación ao inmenso depósito “temporal” de estériles, situado literalmente encima da área da que parten a maioría das traídas veciñais. Na seguinte tabela detállase a localización dalgunhas das captacións afectadas:

Tipo	Coordenadas (GD) e cota (msnm)	Abastecemento:
Manantial “Fonte do Ouro” con depósito de captación subterráneo	42.88476, -8.33651 360m	Bravos nº2 , Bravos nº3, cuadra e 2.7 ha de terreo catalogadas como urbanizables pero destinadas a uso agrario.
Depósitos “Fonte do Ouro” e rede dobre de abastecemento de 2.5km ata Bravos	42.88449, -8.33652 340m	Bravos nº2, Bravos nº3, cuadra e 2.7ha de Terreo catalogadas como urbanizables pero destinadas a uso agrario.
Manantial para Concello Touro	42.89279, -8.33128 383m	Traída municipal
Manantial veciños de Loxo “O Castro” M1	42.89261, -8.33026 373m	70 casas de Cotiño, Bravos, Goleta, Casas Novas, Loxo...
Manantial veciños de Loxo “O Castro” M2	42.89239, -8.33006 374m	70 casas de Cotiño, Bravos, Goleta, Casas Novas, Loxo...
Manantial veciños de Loxo	42.89078, -8.32712	70 casas de Cotiño, Bravos,

"O Castro" M3	359m	Goleta, Casas Novas, Loxo...
Arqueta de confluencia "O Castro"	42.89072, -8.32685 358m	70 casas de Cotiño, Bravos, Goleta, Casas Novas, Loxo...
Depósitos "O Castro"	42.86473, -8.33279	70 casas de Cotiño, Bravos, Goleta, Casas Novas, Loxo...
Manantial "González Furelos"	42.88906, -8.32527 341m	Arinteiro, vivenda nº1 e explotación ES1508500244/01
Manantial "Cuadra Arinteiro"	42.88822, -8.3263	
Manantial "Veciños Arinteiro" M1	42.88671, -8.33047	8 casas e explotacións gandeiras
Manantial "Veciños Arinteiro" M2	42.88358, -8.32991 323m	8 casas e explotacións gandeiras
Depósitos "Veciños Arinteiro"	42.87989, -8.33217 296m	Abastece oito Casas e explotacións gandeiras
Manantial "M. Ferro, J. Ares, R. Ares"	42.884, -8.33958 331m	3 casas (nº 18, nº 13, nº 16 e explotacións ES1508500247/01 ES1508500387/01
Depósito "M. Ferro, J. Ares, R. Ares"	42.88077, -8.33412 300m	3 casas (nº 18, nº 13, nº 16 e explotacións ES1508500247/01 ES1508500387/01
Manantial "A Chousa Nova" Quintás-Blanco	42.88061, -8.33785 325m	Arinteiro, vivendas nº 5 e nº 4 e explotacións ES15008500572/01 ES1508500469/01
Depósito "A Chousa Nova" Quintás-Blanco	42.88069, -8.33681 300m	Arinteiro, vivendas nº 5 e nº 4 e explotacións ES15008500572/01 ES1508500469/01
Manantial "A Chousa Nova" Quintás-Blanco	42.88140, -8.33585 317m	Arinteiro nº 5 e Arinteiro nº 4 vivendas e explotacións ES1508500572/01 ES1508500469/01
Depósito "A Chousa Nova" Quintás-Blanco	42.88086, -8.33612 320m	Arinteiro nº 5 e Arinteiro nº 4 Vivendas e explotacións ES1508500572/01 ES1508500469/01
Manantial "SAT Santa María de Loxo"	42.88592, -8.34175 370m	Explotación gandeira de 200 cabezas en Torreis de Arriba. Explotación ES1508500032/01
Depósito "SAT Santa María de Loxo"	42.88532, -8.34127 360m	Abastece explotación gandeira de 200 cabezas de gando en Torreis de Arriba. Explotación ES1508500032/01
Manantial "Barreiro" M1	42.87954, -8.33591	Arinteiro nº 2 e Arinteiro nº 23 e explotación ES1508500294
Manantial "Barreiro" M2	42.87908, -8.33581	Arinteiro nº 2 e Arinteiro nº 23 e explotación ES1508500294
Manantial "Barreiro" M3	42.87879, -8.33616	Arinteiro nº 2 e Arinteiro nº 23 e Explotación ES1508500294
Manantial "Barronca"	42.87254, -8.35195	Abastece Torreis de Abaixo
Manantial "Barreira"	42.87125, -8.34937	Abastece Torreis de Abaixo
Manantial "Porto do Pes"	42.88944, -8.32233	Abastece Torreis de Abaixo, casa nº 8



Situación dalgunhas das captacións de auga que serán destruídas polo proxecto.

4. Afectación crítica a núcleos de poboación

O proxecto pretende localizar varios depósitos de residuos mineiros, perigosos por tratárense de materiais xeradores de drenaxes ácidas con altas concentracións de metais pesados, entre os que se encontran substancias perigosas prioritarias, ao carón de diversos núcleos de poboación, sen apenas separación nalgúns casos. Téñase en conta que as distancias aproximadas desde os diversos depósitos de residuos mineiros ata os núcleos de poboación son: Arinteiro (80 metros); Os Torreis de Arriba (100 metros); Os Torreis de Abaixo (200 metros); Castelo (400 metros); Tribas (450 metros); As Goritas (600 metros); Eiresa (650 metros); Goleta (700 metros); Bravos (790 metros); Cruz de Méndez (800 metros); San Saturniño (800 metros); etc. Por só citar os que se encontran a menos de 1 km. Sinálese ademais que as capitais (e maiores núcleos de poboación) dos municipios de Touro e do Pino se encontran en ambos os dous casos a 1,5 km do perímetro da explotación. Tampouco é posíbel obviar que o proxecto implica a destrución de vías públicas, construídas a partir da concentración parcelaria, e que comunican a parroquia de Loxo con Arca e Santiago de Compostela, polas que circulan un gran número de vehículos. Tamén se suprime a única vía pública que comunica Loxo con Pedrouzo e que vai pola Reigada.

Ata a derogación do *Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas* (RAMINP), este establecía no seu Art. 4 que *“las industrias fabriles que deban ser consideradas como peligrosas o insalubres sólo podrán emplazarse, como regla general, a una distancia de 2.000 metros, a contar del núcleo más próximo de población agrupada”*, o cal, conforme a xurisprudencia, inclúe os depósitos de residuos e as industrias extractivas. Aínda que o RAMINP foi derogado pola disposición derogatoria única, apartado primeiro, da *Ley 34/2007, de 15 de noviembre, de calidad del aire y protección de la atmósfera*, o parágrafo segundo mantíña a súa vixencia nas Comunidades Autónomas sen normativa aprobada na materia. No caso galego, esta norma foi substituída polo *Decreto 133/2008, de 12 de junio, por el que se regula la evaluación de incidencia ambiental*, que, non obstante, non inclúe ningunha referencia ás distancias mínimas que as actividades suxeitas ao procedemento deben manter dos núcleos de poboación. Esta circunstancia foi obxecto da STS de 1 de abril de 2004:

La norma de aquel artículo 4 referida a la distancia mínima exigible engarza directamente con los títulos competenciales relativos (1) a la protección del medio ambiente, en el que las CCAA tienen atribuida la facultad de establecer normas adicionales de protección (art. 149.1.23º de la Constitución), con la consecuencia, en lo que ahora importa, de que el apartamiento de aquella norma en el territorio de una Comunidad Autónoma exigirá que la normativa propia de ésta la haya sustituido, sin duda alguna, por otra cuya potencialidad protectora no sea menor, lo cual no se aprecia en aquella Ley autonómica 5/1993; y (2) a la sanidad, en el que la redacción entonces vigente del artículo 27.1.1ª (hoy artículo 34.1.1ª) de la Ley Orgánica 4/1983, de 25 de febrero, sobre el Estatuto de Autonomía de Castilla y León, disponía que en la materia “Sanidad e higiene. Promoción, prevención y restauración de la salud”, la competencia de la Comunidad de Castilla y León lo era para el desarrollo y ejecución de la legislación del Estado, lo cual excluye, también, el apartamiento en su territorio de aquella norma del artículo 4 por el solo hecho de que dicha Comunidad hubiera dictado su propia Ley sobre Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas” (f. 4º).

Neste sentido, tanto a citada sentenza do Tribunal Supremo de 1 de abril de 2004, como outras posteriores, incluíndo a de 19 de xullo de 2004, 21 de xaneiro de 2005, 28 de decembro de 2005, 5 e 27 de xuño de 2007, 7 de outubro de 2009 e 19 de novembro de 2015, entre outras, expresan en correspondencia coa xurisprudencia constitucional recaída en materia de medio ambiente, a tenor da cláusula competencial disposta ao efecto polo art. 149.1.23º da Constitución, que a efectividade da normativa estatal básica nesta materia só pode desprazarse nun determinado territorio a través dunha norma autonómica garantizadora dun nivel equivalente de protección ambiental ou, no seu caso, máis elevado ou intenso, en tanto que como norma de mínimos a normativa estatal resulta indispoñible para o lexislador autonómico. Nun exemplo recente, a STS de 19 de novembro de 2015 indica:

Se considera así que la Ley Foral 16/1989 no desplaza la vigencia del régimen de distancias mínimas establecido por el RAMINP, en tanto que no garantiza al tiempo un nivel superior de protección ambiental, en puridad, no contiene un régimen específico de emplazamiento y distancias de las instalaciones donde tiene lugar el desarrollo de actividades molestas, insalubres, nocivas y peligrosas, por lo que prevalece la normativa estatal mínima.

Por todo o exposto, e dada a ausencia de referencias a distancias mínimas no *Decreto 133/2008, de 12 de junio, por el que se regula la evaluación de incidencia ambiental*, ou outra lexislación autonómica, a aplicabilidade da distancia de 2.000 establecida no RAMINP é

evidente. Disto derívase a ilegalidade da localización proposta pola concesionaria para as escombres de residuos mineiros e os depósitos de residuos mineiros, que non pode ser aceptada pola administración, a vista da afectación crítica que supón ás poboacións máis próximas. Sitúense os funcionarios, técnicos e autoridades responsábeis pola autorización deste proxecto tendo a súa residencia no lugar de Arinteiro, onde os 44 veciños estarán rodeados de residuos mineiros, tendo ao Norte unha inmensa muralla de máis de 80 metros de alto que acumula millóns de toneladas de estériles de proceso mentres ao Leste, o sol sairá por riba doutra inmensa escombreira situada a apenas 80 metros das vivendas. A autorización deste proxecto suporía un verdadeiro atentado contra os dereitos fundamentais desta poboación e outras próximas, que xa veñen soportando desde os anos 1970 condicións de vida humillantes, con voaduras e denotacións que estremeceron e causaron danos constantes nas vivendas, niveis de ruído ambiental constante, contaminación dos seus ríos e mananciais, acaparamento de terras, e destrución do patrimonio.

Que a empresa promotora decidise, á vista das alternativas, situar o inmenso depósito “temporal” na zona onde maior dano podería causar ás poboacións é unha auténtica indecencia: implica o peche automático de explotacións agrogandeiras que son a base do tecido productivo sustentábel destas poboacións, ao eliminar fisicamente a base territorial das mesmas; implica someter, como recoñece o propio estudo de riscos, a unha situación de risco extremo e permanente, risco de morte como indica o propio documento en caso de falla estrutural, á poboación residente; implica por en grave risco a saúde da poboación, ao destruír ou contaminar o subministro de auga potábel; e implica someter a esta mesma poboación a unha tortura física e psicolóxica a perpetuidade, non só durante o período de explotación prevista (eses 14 anos), máis ben despois do peche, cando a empresa se irán quedando só os problemas e unha administración que se ten mostrado incompetente ata o presente para dar solución aos problemas causados pola “insustentábel lexeira” das súas decisións, tomadas lonxe das poboacións que as sofren durante xeracións.

5. Ausencia de Estudo de Impacto sobre o Patrimonio

O Estudo de Impacto Ambiental indica que os concellos do Pino e Touro “*no cuentan con un patrimonio etnográfico y arquitectónico sobresaliente*”. Indica igualmente que “*Como en el caso del municipio de O Pino, no hay bienes patrimoniales dentro del ámbito de la mina*”. Isto contradí o afirmado polo documento anexo titulado “Informe de identificación y valoración del Castro de Copa (Touro, A Coruña)”, asinado por Anton Fernández Malde. O suposto obxecto do documento é “*determinar la posición y estado de conservación del castro de Copa (GA-15085002)*”. Este informe, pola contra, afirma que “*la proximidad y el gran tamaño de las escombreras supusieron la cubrición de algunos tramos de la muralla (sector este y parcialmente en el norte)*”, para a continuación defender, como se explicará, a inexistencia do castro na actualidade. Do anterior, e examinada a documentación, resulta evidente que non existe un **Estudo de Impacto sobre o Patrimonio** sobre o ámbito do proxecto e o seu entorno, por tanto, os impactos sobre o patrimonio arqueolóxico, histórico, artístico, e cultural non poden ser avaliados. O proxecto apenas considerou o único elemento catalogado (que ademais dá por inexistente na actualidade) e pretende solucionar sumariamente a cuestión da afectación patrimonial deixando entrever que nas case 700 hectáreas non existe ningún ben


patrimonial, algo difícil de creer a pesar de que estes concellos “no cuentan con un patrimonio etnográfico y arquitectónico sobresaliente”, como informa o Estudo de Impacto Ambiental.

O ausente Estudo Arqueolóxico e de Impacto sobre o Patrimonio Cultural debería necesariamente realizar unha prospección de todos os elementos patrimoniais que poidan existir na zona de afectación (neste caso, as case 700 ha). Neste caso non foi feito tal estudo, o que fai con que a avaliación ambiental fique incompleta, deixando esta área temática sen avaliación real, existindo ademais un risco de destrución irreversible de patrimonio por descoñecemento da súa existencia, mesmo durante os labores previos que se veñen realizando pola empresa promotora, como os distintos sondeos, á marxe da continuidade da actividade na zona de explotación que, á vista do “Informe de identificación y valoración del Castro de Copa (Touro, A Coruña)”, sería responsábel directa pola afectación crítica deste elemento catalogado. É imposible continuar co procedemento sen a incorporación ao EIA do preceptivo **Estudo de Impacto sobre o Patrimonio arqueolóxico e patrimonio histórico, artístico, e cultural, que non poden ser avaliados**. Ese Estudo debe ser realizado con independencia e rigor, e é responsabilidade da Dirección Xeral de Patrimonio e todas as demais institucións competentes nesta área que supervisen e certifiquen o rigor e validez de dito estudo, emitindo o correspondente informe, previamente a ser tido en conta no EIA. O estudo non pode limitarse a examinar se existe algún elemento inventariado ou catalogado, como parece ser a comprensión da empresa promotora, se non que debe realizar unha prospección detallada, estudo bibliográfico e consultas entre a poboación, non limitándose ademais ao territorio afectado directamente pola explotación proposta, senón tamén ao seu entorno máis amplo, pois a utilización de explosivos, a modificación de cauces e outros moitos factores causados pola actividade proxectada poderían afectalo significativamente.

Non pode nin pretende este documento de alegacións substituír tal estudo, que se espera que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural obrigue a realizar, máis ofrécense algúns subsidios ao simple efecto de ilustrar e recalcar a súa necesidade. Sen ir máis lonxe, no rego das Pucheiras existen diversos muíños que se remontan ao século XVIII, en bo estado de conservación, algún dos cales sería totalmente sepultados pola escombreira proxectada. Trátase, especificamente, do Muíño de Ares, adscrito á Confradía do Santísimo Sacramento, e con dintel datado en 1767, o máis afectado, así como os muíños da Cachada e Veciñal de Arinteiro. A empresa promotora é perfectamente consciente da existencia destes muíños, pois mesmo tentou, sen éxito, a súa adquisición a algún dos propietarios, con motivación que agora se pode intuír. Lémbrese que a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, indica no seu artigo 91 que “Para os efectos da súa posible declaración de interese cultural ou catalogación presúmese o valor etnolóxico dos seguintes bens sempre que conserven de forma suficiente a súa integridade formal e construtiva e os aspectos característicos que determinan a súa autenticidade: (...) os **muíños de río**, de mareas ou de vento tradicionais, incluída a infraestrutura hidráulica necesaria para o seu funcionamento.” O contorno de protección subsidiario establécese en “20 metros para os elementos singulares do patrimonio etnolóxico como (...) **muíños**”.

O proxecto suporía tamén a destrución doutro importante elemento patrimonial que conseguiu sobrevivir á anterior fase de explotación: o “Camiño Real”, tamén coñecido como “Camiño Real da feira do 20”, unha vía histórica que une directamente Loxo con Cebreiro, ligado á celebración da tradicional feira que aínda hoxe se celebra todos os meses da

Carballeira de San Sadurniño, un elemento patrimonial catalogado e protexido, e que non pode entenderse sen o camiño real que lle dá acceso desde o Sur. Lémbrese que a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, recoñece igualmente o carácter patrimonial dos camiños reais e pontellas tradicionais, algunhas das que se conservan igualmente. O percurso do Camiño Real, así como a localización dos muiños, indícase no seguinte plano:



Muiño:
“De Ares” (Cofradía do Santísimo Sacramento)



Coordenadas (GD) e cota
 42.88147, -8.32717
 308m

“Veciñal de Arinteiro”



42.87897, -8.32893
 299m

“da Cachada”



42.87656, -8.32887
296m

Deste modo, é evidente que existen elementos patrimoniais tanxíbeis que deberían ser obxecto dun estudo de afectación sobre o patrimonio. A evitación pola empresa, coñecedora da existencia destes elementos, de realizar o estudo, mediante o subterfuxio de presentar un informe limitado a un único elemento, é indicador da postura do promotor a este respecto. Cumpriría igualmente identificar no terreno os posibles elementos arqueolóxicos identificados na tradición oral aínda conservada, e que fan referencia a “casas dos mouros” que ben poderían ser continuación dos complexo megalíticos do Cotiño (8 túmulos) e da Croa de Pereiro (5 túmulos), na parroquia de Loxo. Novamente, a ausencia do estudo de impacto sobre o patrimonio impide que estes elementos poidan localizarse, coñecerse, estudarse e establecer as medias de protección ou correctoras que resulten pertinentes.

Por outra parte, o “Informe de identificación y valoración del Castro de Copa (Touro, A Coruña)” revela indiciariamente a existencia dun delito contra o patrimonio cultural, que supuxo un grave deterioro do Castro de Copa. Nas conclusións do traballo indícase que se ben os traballos da mina sepultaron parcialmente o castro, non o terían danificado. Pola contra, indícase que *“A partir del 2000 los restos comienzan a desaparecer”*. Nunha ortofoto do ano 2004 (p. 12) o perfil da muralla do castro é perfectamente discerníbel, pero xan non na ortofoto de 2014. Segundo o informe, os danos causados gardarían relación co feito de que *“A partir del año 2000 comienza un proceso de regeneración medioambiental con la aplicación de “tecnosoles”*.” A datación do delito contra o patrimonio tamén se revela no informe: *“Entre los años 2010 y 2014 se produce la corta de dicha plantación y se procede a otra nueva, de lo cual existe registro fotográfico (IGN y ficha de PXOM), junto con los tocones de los árboles cortados. Estos trabajos suponen la desaparición definitiva de los restos superficiales del castro y la total remoción de los niveles estratigráficos de su interior.”*

Resulta esperpéntico, á vista de todo o exposto, que un castro que tería sobrevivido á intensa actividade mineira realizada ao seu carón, sufra os maiores danos (e segundo o arqueólogo responsábel polo informe, sexa destruído totalmente) durante o proceso de *“regeneración medioambiental”*. Non chama tanto a atención este feito cando a empresa presuntamente responsábel pola “rexeneración” con tecnosoles, Centro de Valorización Ambiental del Norte SL, está participada pola mesma empresa matriz da que agora promove a actualización do proxecto de explotación, e que, moi convenientemente, quitou do medio o único elemento catalogado que se encontraba dentro da área de afectación. Á vista deste informe, que será posto en coñecemento das autoridades xudiciais de xeito inmediato, cumpre facer un chamado á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para que abra de forma inmediata un expediente sancionador contra os presuntos responsábeis polo delito contra o patrimonio. Á marxe de todo o exposto, e mesmo que esta parte alegante non dispoña dos medios para a

realización da “intervención arqueológica previa” que se recomenda nas conclusións do informe, a suposta e conveniente “desaparición” do castro entre 2010-2014, cando se inician segundo o propio proxecto de explotación os estudos para a reapertura e ampliación da explotación mineira, parece unha acción premeditada, que debería en todo caso ser confrontada coa realidade sobre o terreno.

6. Destrucción do tecido socioeconómico local

O Estudo socioeconómico procura minimizar o impacto que suporá o proxecto sobre a base produtiva da zona na que pretende realizarse, e é que ten un compoñente fundamentalmente agrogandeiro. Este sector pasa por ser un dos máis importantes e dinámicos de Galicia, caracterizado e sustentado na súa forte mecanización e un elevado grao de tecnificación. Conta cunha importante dinámica de relevo xeracional, acadado con importantes investimentos en incorporacións e plans de mellora das explotacións agrarias. Non se pode esquecer que os concellos de Touro e O Pino forman parte da zona de produción da Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa, marca internacional de calidade para queixos. Moi ligado ao sector primario, sostense un importante sector servizos que vive en gran medida do sector agro-gandeiro, centrándose en empresas de fitosanitarios, almacéns de abonos e semente, servizos técnicos, talleres de venda e reparación de maquinaria agrícola, etc.

Na alegación referente ao abastecemento de auga presentáronse algunhas das explotacións agrogandeiras que se verán directamente afectadas polo fin das súas fontes de auga potábel que garanten as explotacións (particularmente as explotacións ES1508500247, ES1508500387, ES15008500572, ES1508500469, ES1508500032 e ES1508500294), unha vez que este subministro dificilmente podería ser substituído por unha traída municipal de insuficiente capacidade. Pero é que ademais da auga, a actividade mineira prevista implicará a destrución a perpetuidade da base territorial destas e outras explotacións, co agravante de que as terras a destruír forman parte de procesos de concentración parcelaria, **que determinan a utilidade pública destes terreos con fins agrarios ademais da función social das propiedades**, coa necesidade de que estas terras cultivables non queden abandonadas, se manteña e se conserve a súa capacidade agrícola, se aproveiten axeitadamente os seus recursos en consonancia cos plans de aproveitamento de cultivos ou forestal recollidos no acordo de concentración. Non existe nin sería aceptábel unha declaración de prevalencia dos usos mineiros, que ademais son inxustificábeis unha vez que a extensa zona de terreos de concentración parcelaria a destruír nin tan sequera é unha zona mineralizada, utilizándose a ameaza de expropiación apenas pola conveniencia da empresa de acumular os seus residuos próximos a carón da planta de procesado mineral, evitando custos. En calquera caso, tampouco se ten constancia de que, á luz do establecido no art. 24 da Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, o órgano mineiro se pronunciase “sobre a súa compatibilidade ou incompatibilidade, así como sobre a súa prevalencia” a través do procedemento correspondente.

Xustifica esta procura da empresa de minimizar os gastos á costa da destrución a perpetuidade de terrenos agrarios altamente productivos? Entendemos que non. Xustifica ese afán de lucro a destrución da base territorial que sustenta decenas de postos de traballo agrario? Tampouco. Téñase en conta que, fronte aos 14 anos de actividade do proxecto proposto,

estamos a falar dunha actividade económica multixeracional e sustentábel, de modo que o impacto destrutivo non se limita ao periodo de explotación, senón que afecta á viabilidade agrícola, agrogandeira e forestal da zona por séculos. Téñase en conta que estamos a falar en algúns casos de explotación con un alto número de cabezas de gando (ata 200 cabezas), nas que hai mozos e mozas recentemente incorporados á actividade agraria, e que realizaron nos últimos anos constantes investimentos nas súas explotacións para a súa modernización e ampliación, de maneira que a base territorial é un aspecto moi importante e particularmente escaso nestas zonas dos respectivos concellos. A escaseza de terras dispoñíbeis e a inviabilidade de desplazárense aínda máis lonxe das explotacións para cultivar e recoller a alimentación do seu gando determinaría a súa clausura. En síntese, o proxecto proposto é incompatible coa continuidade da actividade agrogandeira da zona e determinará o peche de numerosas explotacións, a perda de postos de traballo e a destrución a perpetuidade da base territorial na que se sustentaría a viabilidade de explotacións futuras.

En vista de todo o exposto,

SOLICÍTASE:

1. Que se teña como presentado este escrito, admitíndoo e tendo como presentadas todas as alegacións e consideracións anteriormente expostas dándolles a tramitación que se axuste a Dereito, solicitándose a denegación da actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael número AC/C/2946 en base ás alegacións presentadas.
2. **Que se recoñeza expresamente a esta parte alegante como parte interesada no procedemento**, a todos os efectos previstos na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo das Administracións Pública e na Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público, dándolle traslado de todos os actos de trámite e resolucións que afecten ao mesmo.
3. **Que se notifique a esta parte o seu recoñecemento expreso como parte interesada no presente procedemento, a efectos de exercer os seus dereitos.**
4. Que, en atención ao anterior, e en cumprimento do disposto na *Ley 27/2006, de 18 de julio, por la que se regulan los derechos de acceso a la información, de participación pública y de acceso a la justicia en materia de medio ambiente (incorpora las Directivas 2003/4/CE y 2003/35/CE)*, alén do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, se lle facilite no enderezo do encabezamento **COPIA EN FORMATO DIXITAL** (CD ou sistema de transferencia de arquivos), **do expediente administrativo completo relativo á concesión de explotación AC/C/2946 “San Rafael”**, desde os seus inicios e ata a actualidade, excluindo apenas aqueles datos (e non documentos) obxecto de protección personal.
5. Que, tamén en virtude do anterior, se facilite **COPIA EN FORMATO DIXITAL** dos expedientes administrativos completos relativos aos dereitos mineiros **AC/C/7116 “Fornás”; AC/C/7168 “Boqueixón”; AC/C/7144 “Gamás”; AC/C/7115 “Fuente Rosas”; AC/C/7119 “Fuente Rosas Oeste” e AC/C/7167 “Touro”**.
6. Independentemente do anterior, e á vista da desactualización dos datos presentados no Censo Catastral Mineiro de Galicia, solicítase ao órgano mineiro competente que expida certificación actualizada sobre o estado e titularidade dos dereitos: AC/C/2946

- “San Rafael”, AC/C/7116 “Fornás”; AC/C/7168 “Boqueixón”; AC/C/7144 “Gamás”; AC/C/7115 “Fuente Rosas”; AC/C/7119 “Fuente Rosas Oeste” e AC/C/7167 “Touro”.
7. Que previamente a calquera resolución que afecte a este proxecto, non sendo a súa denegación, se esixa un estudo rigoroso e veraz sobre a afectación de augas do subsolo, acuíferos, mananciais, traídas de augas e caudais para uso humano e para as explotacións agrogandeiras, así como o proxecto completo da Planta de Tratamento de Drenaxes Ácidas de Minas e as verteduras desta, con especial atención aos impactos potenciais sobre as traídas veciñais de auga, ás captacións de augas, e que o rigor e veracidade deste sexa supervisado e certificado polo organismo de cunca e Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia.
 8. Que se incorpore ao Estudo de Impacto Ambiental un estudo específico sobre o impacto na saúde pública, incluíndo a avaliación dos riscos de contaminación de acuíferos, emisión de partículas contaminantes, contaminación acústica, etc., así como un plano de emerxencia, destinado non só aos traballadores/as das instalacións, senón fundamentalmente aos riscos sobre as poboacións en caso da falla de colapso dos depósitos de residuos mineiros proxectos.
 9. Que previamente a calquera resolución que afecte a este proxecto, non sendo a da súa denegación, se esixa a presentación do Estudo de Impacto sobre o Patrimonio, e que o rigor e veracidade deste sexa supervisado e certificado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
 10. Que, independentemente do anterior, se requira ao Consello Asesor do Camiño de Santiago e ao Consello da Cultura Galega a emisión dun informe sobre a afectación ao Camiño de Santiago.
 11. Que a autoridade mineira traslade á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o informe sobre o Castro de Copa, de modo que esta inicie o correspondente expediente sancionador polos presuntos delitos polo patrimonio realizados en relación ao Castro de Copa, poñendo ademais os feitos en coñecemento da Fiscalía.
 12. Que se poña en coñecemento da autoridade hidráulica a contaminación por metais pesados asociada á actividade mineira que é descrita no Estudo Hidrolóxico, de modo a que se inicien os correspondentes expedientes sancionadores contra as empresas e persoas responsábeis, dando ademais traslado á Fiscalía por presunto delito ambiental e contra a saúde pública.

En _____, a 4 de outubro de 2017,

Asinado: _____